



Iria Folgado

Nace en San Sadurniño, Galicia.

Comeza os seus estudos musicais no conservatorio de Ferrol, e cursa dous anos de especialización na Escola de Altos Estudos Musicais de Santiago de Compostela.

Foi becada en diferentes ocasións e formou parte de orquestras como a Orquesta Joven de la Sinfónica de Galicia, a EUYWO, NJO, Gustav Mahler Jungendorchester e a Junge Deutsche Philharmonie.

Actualmente estuda un master e será Corno inglés solista na Konzerthaus Orchester Berlin.

IRIA FOLGADO

MESTRA DE ÓBOE

Historial Académico

Iria Folgado Dopico naceu en San Sadurniño, Galicia, en 1996. Inicia os seus estudos á idade de 9 anos no Conservatorio Profesional de Música "Xan Viaño" en Ferrol e cursa dous anos de "Especialización Instrumental" na Escola de Altos Estudos de Santiago de Compostela con Christina Dominik.

Ao mesmo tempo, tomará clases regularmente co solista de oboe da Sinfónica de Galicia, Casey Hill. Realiza os seus estudos superiores de música na Hochschule für Musik "Hanns Eisler" co mestre Dominik Wollenweber, para a que foi becada por concurso, pola Deputación Provincial da Coruña en 2014 e 2017, coa beca Alexander von Humboldt Foundation en 2015 e coa beca de Excelencia Musical do Consorcio da Promoción da Música da Coruña en 2016 e 2018.

Experiencia

Formou parte da Orquesta Joven de la Sinfónica de Galicia, EUYWO, Gustav Mahler Jungendorchester, NJO, Junge Deutsche Philharmonie.

Colabora con orquestras profesionais como Staatsoper Hannover, Orquesta Sinfónica de Galicia, Spira Mirabilis ou como Hr-Sinfonieorchester Frankfurt.

Participou en numerosos festivais como Zermatt Festival, Moritzburg Festival, Gustav Mahler Academy, Encuentro de Música e Academia de Santander, Clasclas Festival e Pacific Music Festival en Xapón.

Participou no prestixioso concurso "International Competition for Oboe of Japan" en 2018, celebrado en Tokio e no "Prague Spring International Music Competition 2019", alcanzando a Semifinal.

Actualmente realiza Master de Interpretación Musical en Hochschule für Musik "Hanns Eisler" Berlin e academista en Karajan-Akademie der Berliner Philharmoniker. Na próxima tempada 2020-2021 comezará como solo Corno Inglés en Konzerthaus Orchester Berlin.